



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 6/2021

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E CATRO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E UN.

En Ordes, a vinte e catro de xuño de dous mil vinte e un.

No Auditorio da Casa da Cultura, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D^a. Ana María Soneira Liñares, Alcadesa en funcións (Decreto delegación competencias nº 568/2021, de data 23/06/2021), e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D^a. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES (incorpórase á sesión no punto terceiro da orde do día).
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

NON ASISTE:

- JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto. Está presente na sesión o Sr. Interventor Xeral Javier Siro Suárez Rodríguez.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR 27/05/2021.

Pola Sra. Alcaldesa en funcións, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de 27 de maio de 2021, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 27 de maio de 2021, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Pola Sra. Alcaldesa en función non se da conta de ningún informe nesta sesión ordinaria.

3. APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO MUNICIPAL EJERCICIO 2021.

Expediente tramitado para a aprobación do Orzamento Municipal, formado para o exercicio de 2021 polo Alcalde-Presidente, cos documentos que preceptúan os arts. 165, 166 e 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e concordantes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e cumprimento do establecido no art 193.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Vistos o informe emitido pola Intervención e o ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 18/06/2021, ambos en sentido favorable.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que os orzamentos municipais que se propoñen hoxe para a súa consideración polo Pleno Corporativo para este exercicio 2021 preséntanse nivelados nos seus estados de ingresos e gastos, dando cumprimento así ao disposto no artigo 165 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, no senso de que deben aprobarse sen déficit inicial. En concreto ascenden á contía de 10.143.582,06 € tanto en ingresos como en gastos. Respecto aos orzamentos vixentes, actualmente prorrogados, do pasado exercicio 2020 supoñen un aumento do 1,8%, tras o aumento no ano 2020 do 6,41% con respecto aos de 2019, e logo da diminución do 7,29% do exercicio 2019 con respecto ao 2018; non obstante compre indicar que non recollen aínda, na data do presente pleno, a totalidade dos convenios, das subvencións e achegas para investimentos doutras administracións que veñen sendo convocadas e/ou outorgadas, con diferentes contías, polo que agárdase que os orzamentos se incrementen ao longo do que resta de exercicio, con achegas de carácter anual ou bianual, especialmente asinando diversos



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

convenios coa administración autonómica, como é o caso da reforma auditorio casa cultura, obras de saneamento e abastecemento para o Canedo, Ardemil, nova gardería municipal, humanización da rúa Víctor González Faya e rúa Mediodía, e outros asuntos actualmente en negociación, así como tamén co POS+2021 complementario adicional 2, prevista unha contía en torno 414.500 euros, conlevando aparelladas en todos os casos as xeracións de créditos necesarias, en función das aportacións que poidan obterse ou achegarse dende os diferentes organismos supramunicipais. A estes efectos resérvase crédito xenérico para cubrir a parte que se estima que deberá achegar o Concello de fondos propios, como confinanciación, para poder optar as mesmas. Para a súa elaboración tomáronse en consideración, en primeiro lugar, os ingresos que se agardan recoñecer no exercicio, estimándose estes de xeito prudente en función das previsións agardadas e da experiencia derivada das liquidacións de exercicios anteriores. Na medida do posible estimáronse segundo o criterio de caixa, isto é, do que realmente se estima que vai a recadarse, co fin de que os cálculos efectuados sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria fosen o máis estritos posibles. No informe técnico económico que acompaña ao expediente explícase dun xeito claro de onde procede cada unha das estimacións. No apartado de ingresos cómpre sinalar: No caso dos ingresos correntes, unha menor expectativa dos impostos directos, pois a pesares dos cada vez menores incrementos pola regularización catastral baixouse o tipo do IBI ao 0,48% e, en xeral, as previsións realizáronse con maior prudencia posible cara a non supoñer dereitos que logo non se materialicen. Outra diferenza ven motivada, pola incorporación da parte do POS+2021 a financiamento de gasto corrente. Unha estimación prudente da Participación nos Tributos do Estado, en función das entregas a conta indicadas para este exercicio. No caso dos ingresos de capital polo coñecemento do POS + 2021, achega 2020, así como polos convenios que se agardan asinar coa Comunidade Autónoma e as distintas subvencións tramitadas e xa concedidas con aplicación no exercicio 2021. Neste punto debe sinalarse que as previsións baséanse en achegas que xa están comprometidas ou executadas e, como sinalamos anteriormente, agardamos que se incrementen mais si cabe con novas achegas e subvencións doutras administracións ao longo do exercicio. Neste exercicio concertarase un préstamo pola parte do POS+2021 financiado con préstamo provincial, por importe da contía total permitida, de 91.191,84 €, que ven sendo un préstamo da Deputación sen xuros, que se destina a amortizar débeda na súa integridade. Os orzamentos municipais do exercicio 2021 realízanse nunha conxuntura global, nacional e internacional, marcada pola pandemia do COVID-19, caracterizada por unha forte recesión e unha grande incerteza, o que obriga máis que nunca aos controis fiscais aplicados polo Estado sobre os Concellos obriguem ás Administracións públicas a tomar medidas axeitadas nas súas contas e na súa política de gasto. No entanto, ao suspenderse as regras fiscais non resultan de aplicación as medidas correctivas e coercitivas que establece a LOEOESF en 2021, salvo as medidas automáticas de corrección previstas no artigo 20 da LOEOESF. En consecuencia, en 2020 non se aplicarán aquelas medidas en relación con incumprimentos en 2019 de regras fiscais constatados coas liquidacións de orzamentos, ou cos estados contables do peche do exercicio. En 2021 e 2022, tampouco se aplicarán en relación cos resultados das liquidacións de 2020 e 2021, respectivamente. Respecto aos gastos procedeuse a estimar os gastos de persoal. O incremento nos gastos de persoal correspóndese coa dotación das prazas sinaladas no anexo de persoal, recolléndose aquí a totalidade dos créditos necesarios para executar a modificación aprobada inicialmente da RPT na súa integridade. Sen dúbida,



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

será imposible que os créditos consignados se executen na súa totalidade, pero unha correcta orzamentación fai que se doten todos os postos segundo a RPT aprobada inicialmente. O incremento salarial faise con base na RPT e na Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021. A análise máis polo miúdo destes gastos explícase detalladamente no anexo de persoal, así como no documento da Relación de Postos de Traballo xa aprobada polo Pleno Corporativo, en sesión celebrada o 27/05/2021. Respecto aos gastos correntes en bens e servizos, inclúen os diferentes contratos desta índole asinados por este Concello, así como os que se prevén necesarios para o mantemento dos servizos existentes. Así mesmo, inclúense no mesmo os derivados de pequenas reparacións e arranxos nos bens de titularidade municipal xunto con contratos a celebrar só neste exercicio. Recóllense tamén créditos para o arranxo de vías municipais, e os desbroces da rede viaria asfaltada anualmente, e na rede derivada dos procesos de concentración parcelaria bianualmente de acordo a un programa de actuacións acaído a temporalidade das principais necesidades demandadas por cada parroquia. Inclúense así mesmo os créditos necesarios para dar cobertura ás licitacións dos servizos e subministracións que se estimen necesarios. Respecto as achegas por transferencias destacan as correspondentes á xestión da escola infantil por importe de 200.000 euros, segundo contrato asinado no seu momento; os créditos para subvencións, deixando a das axudas para material escolar en mais de 33.800 euros, as axudas individuais a deportistas en 8.000 euros, a da bolsa de axudas á natalidade por importe 24.000 euros. mantendo o cheque bebé, cumprindo o compromiso electoral do programa das eleccións municipais de 2019/2023; e un novo e importante incremento dos destinados á Mancomunidade. nun 33,40% que se suma aos incrementos de exercicios anteriores, isto é, a servizos sociais e actuacións de emerxencia social. Neste último eido os créditos incrementáronse nos últimos seis exercicios desde os 85.270,66 € do 2015 ata os 400.214,00 € no 2021, isto é, nun 369,35%. Lembremos que o gasto do exercicio 2019 ascendeu a 172.463,91 euros, e o do ano 2020 a 300.000 euros. Podemos falar polo tanto de uns orzamentos do exercicio 2021, como os de maior achega social da historia ordense. Estas achegas refírense principalmente ao servizo de axuda no fogar, basicamente na súa modalidade de dependencia, que case triplicou a súa aportación, atención temperá e políticas de emprego, se ben neste exercicio increméntanse notablemente os créditos destinados a cubrir emerxencias sociais debido á situación continuada na que nos atopamos derivada da crise pola pandemia do COVID-19. Figura tamén consignada a subvención nominativa a Asociación de Comerciantes de Ordes, por un importe de 50.000,00 € para axudarlles a continuar a revitalizar na medida do posible, conforme aos acordos derivados de varias reunións, o sector trala crise. Isto acompáñase dos créditos do PEL Reactiva, con 56.019,81€ de achega municipal, e aínda que non se recollen nos presentes orzamentos, lembrar os importes derivados do expediente de crédito extraordinario e suplemento por importe de 200.000,00€, dedicados tamén ás axudas a autónomos, empresas e hostaleiros. En total os investimentos previstos, a espera de incorporación de convenios, axudas ou aportacións pendentas, acadan inicialmente o importe de 1.641.261,82 €, o que supón o 16,18% dos orzamentos municipais. Descríbense polo miúdo no anexo de investimentos, sendo salientables: as catro obras do POS+2021, aínda pendentas de contratar por non ter resolto o expediente a Deputación, o equipamento do edificio multiusos e a execución de unha praza a carón do centro sociocomunitario Isabel Zendal, a mellora da rúa da Fonte, a 2ª anualidade para rematar a humanización da Rúa do Muiño, o aglomerado do vial de A Senra ao



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Outeiro pasando por Blanca en Poulo, o abastecemento a Vilaverde Penelas, investimentos en alumeados públicos como o caso de Ceidón, a previsión de adquisición de un novo vehículo con distintivo ambiental cero emisións, a instalación de ventilación forzada no pavillón Castelao II, melloras en Radio Ordes, ou a construción do pumptrack, agora mesmo en execución, e diversas obras de melloras en pavimentación de vías públicas, en instalacións de abastecemento de auga potable ou para instalacións deportivas. Cabe sinalar unha vez mais que este capítulo se estima que se incremente a medida que se poidan recibir novas achegas doutras administracións. Non se inclúen neste capítulo 6 gastos de mantemento e reparación das infraestruturas xerais, os cales figuran no capítulo 2 dos orzamentos. É de destacar o esforzo inversor cara a tratar de incentivar, na medida do posible, a actividade económica no noso municipio; agardando así mesmo un certo impulso económico e de iniciativa laboral para tratar de superar xuntos a crise provocada pola Pandemia COVID-19. Os orzamentos caracterízanse un ano mais, como non pode ser de outro xeito, polo mantemento dos servizos esenciais, con especial dedicación de fondos públicos aos colectivos máis desfavorecidos e aos mais afectados pola pandemia da COVID-19 que agardamos rematar canto antes; sendo as liñas fundamentais dos mesmos continuar co saneamento das contas municipais, ao remate do presente ano 2021 a débeda bancaria situarase no entorno dos 526.000 euros, e o que é mais importante si cabe, situará os xuros anuais a aboar en 2.803 euros; cantidade que podemos comparar coa situación do remate do exercicio en 2014, onde a débeda bancaria era de 5,3 millóns de euros e se destinaron a xuros bancarios preto de 200.000 euros, mediante a contención do gasto público, a eficiencia na asignación dos recursos municipais, a sustentabilidade dos servizos municipais fundamentais, o mantemento dos créditos ás políticas sociais, de emprego e fomento económico, así como aos investimentos produtivos. Increméntanse as partidas destinadas a políticas sociais, entendendo estas como a suma das dedicadas a gastos sociais, educativos, culturais e deportivos. As actuacións de protección e promoción social, servizos sociais, incluíndo a achega á mancomunidade, e fomento do emprego, basicamente. Increméntanse novamente, o que se engade un exercicio mais aos incrementos continuados levados a cabo nos últimos anos. De feito, recórdolles unha vez mais, a achega á Mancomunidade ven incrementándose cada ano de xeito que desde o 2015 aumentou nun 369,35%, isto é multiplicouse por mais de tres veces e media. Para concluír a quenda de introdución, e con base no informe de intervención, os orzamentos xerais do Concello de Ordes para o exercicio 2021 cumpren, en principio, co obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendido como a situación de equilibrio ou superávit, en termos de capacidade de financiamento. No entanto, prevese que unha vez tidos en conta as modificacións de crédito realizadas no pleno de abril do presente ano, e que non se entenden incorporadas aos orzamentos, presente un incumprimento do obxectivo de estabilidade. En todo caso sería consecuencia da utilización do RLT^a, polo que ten un carácter conxuntural. Cumpre amplamente co obxectivo de débeda pública. Ao encontrarse suspendidas as regras fiscais non será de aplicación ningunha das medidas correctivas ou coercitivas establecidas no capítulo IV da LOEOESF.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que nestes orzamentos existen máis aspectos sociais debido aos efectos da pandemia sobre o sistema produtivo e social do concello. Non se van a opoñer a que se aproben por que entenden que intenta dar solucións para revitalizar a economía agroindustrial, comercio, axudas a persoas que teñen problemas de exclusión social,



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

...etc. Estamos ante un concello cunha economía moi débil debido ao peche do sector téxtil e con peche tamén dalgunha explotación agraria, que eran o motor económico do municipio e a pandemia agravou aínda máis esta situación. Mentres este virus estea presente debemos ter un tempo de reflexión. Non se van a opoñer aos orzamentos.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que como dixo o voceiro do PSOE estes orzamentos teñen uns aspectos sociais. Nestes momentos vemos que é necesario. Votan en falta máis, un incremento maior de axudas tanto a empresarios, como aos autónomos no municipio. Xa o dixeron nos anteriores orzamentos. Ven ben que á asociación de comerciantes se lle outorguen cartos, podían ser máis para que leven a cabo a súa labor. Pero tamén verían ven que eses cartos tamén se visen incrementados para outros empresarios e autónomos do municipio que ao mellor non pertencen a esa asociación. Ven que foron uns orzamentos feitos de maneira unilateral. En deportes ven ben as inversións que se realizan, queren matizar unha que levan pedindo tempo, como é a pista de tenis descuberta que había tras o Campomaor que se eliminou cando se fixo o novo ximnasio, quedouse sen esa instalación, creen que sería interesante volver a ter unha pista de tenis descuberta. En canto ás partidas dos orzamentos, gustaríalles, xa que non saben como vai evolucionar o Covid-19, que existise unha partida para prevención, en setembro isto pode cambiar. Non se van a opor tampouco a estes orzamentos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que os orzamentos que se presentan reflicten un ano máis unha suba de impostos que están levando a cabo paulatinamente. Si no proxecto de orzamentos que presentaron no ano 2016, que a pesar de que non foron aprobados, foron os primeiros orzamentos que elaboraron dende que entraron no goberno no ano 2015, prevíase unha recadación de 240.000 euros por IBI rústica, nos orzamentos de 2021 prevese unha recadación de 295.000 euros, un 22,92 % máis. Se no 2016 se prevía unha recadación de 1.760.000 euros por IBI urbana, no 2021 2.135.000 euros, un 20,36% máis. Tan so por estes dous conceptos están recadando do peto dos veciños de Ordes 416.000 euros. Logo os membros do goberno fíxanse uns salarios de primeira división, con 49.700 euros para o alcalde, 62.700 euros ao ano en tres dedicacións parciais e dietas por asistencia a sesións de xuntas de goberno local por importe 240 €/sesión, celebrándose unha sesión por semana. O problema é que a xestión do goberno non é precisamente de primeira división como os seus salarios. O están a comprobar un ano máis coa política de rozas, auténticas selvas nas pistas do noso concello, que se limpan días antes da festa da parroquia en cuestión. O viron estes días non Bidueiro e Buscás, que se acudiu a rozar días antes do San Xoán e do San Paio, mentres mantéñense selvas que supoñen un perigo para a seguridade viaria. Neste orzamento prevense 65.000 euros para estas tarefas, demostrase novamente que son insuficientes por que ou mercamos máis medios e os poñemos a traballar ou contratamos empresas que nos axuden. O que está claro é que non se poden manter desatendidas as parroquias como as teñen. Logo despois por outra banda cando modificaron a RPT xa advertiron que non se lles informou canto ía supor esa modificación para as arcas municipais e hoxe vemos que de ocupar todas as vacantes pasarían de un gasto de 2.500.000 euros a 3.586.000 euros, máis de un millón de euros de incremento de gasto de persoal. Tal é como se indica non informe de intervención non se gasten todos os fondos reservados para este gasto posto que non



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

se van a cubrir todas as vacantes, pero seguramente entre 700 ou 800.000 euros serán transferidos a outras áreas de gasto ou investimentos, nun exercicio de opacidade non lles din a que se van a adicar realmente estes fondos.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que non ía a facer uso desta quenda de intervencións. Por aclarar, recórdalle que a aprobación do crédito extraordinario no mes de abril para axudas a hostalería e empresarios afectados polo peche polo Covid-19. En canto ao que di o BNG sobre a realización de rozas uns días antes das festas das parroquias non cree que sexa motivo de discusión nun pleno. Trátase de facelo o mellor posible, a todos os sitios non se da chegado nas mesmas datas. Recórdalle que os tratores municipais están traballando, e aparte contrátanse servizos externos.

Pola Sra. Alcaldesa en funcións ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non teñen nada que engadir.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo cos apuntamentos do BNG sobre o estado das parroquias. Saben que se lle concederon axudas á hostalería, pero creen que se lle deben dar máis. É un ano excepcional, este máis o anterior, no que sufriron moito. Todos saben que sufriron limitacións durante meses, iso nun local de hostalería son moitos cartos que perderon. Pensan que se debería ter en conta isto. Temos que arrimar o ombreiro e botar unha man. Teñen maioría absoluta, gustaríalles que se lle houber consultado sobre os orzamentos, non se van a opoñer.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que é certo que os tratores están traballando e se contratan servizos externos, pero o que están indicando é que a asignación que teñen de 65.000 euros e a planificación que teñen non está sendo efectiva, o que están indicando é que debería facerse un esforzo maior, ou ben compra máis maquinaria e pola a traballar ou contratar máis tempo esas empresas para que lles axuden a ter as cunetas como hai que telas. No tocante aos investimentos alédanse de que despois de moito insistir o BNG inclúan o abastecemento a Vilaverde por Penelas, pero o problema é que o investimento en servizos básicos de abastecemento e saneamento supón unicamente o 6,39% do total no que a investimentos ser refire. Seguen ollando un goberno falto de ideas e que non resolve as necesidades da veciñanza. Fai uns meses propuxeron dende o BNG aproveitar o Centro Comarcal para implantar unha Escola Infantil ou Galiña Azul, que facilitaría moito a conciliación laboral e familiar da nosa veciñanza, máis nos orzamentos que presentan hoxe unha vez máis nada de nada. Segue o Centro Comarcal podrecendo e sen aproveitar, segue a antiga Casa Consistorial totalmente baleira e practicamente sen uso. Cunha reorganización dos espazos ocupando a antiga Casa Consistorial, outros locais poderían quedar libres para implementar novos servizos ou mellorar os existentes. A Estación da Pontraga semella que so serve de base para os Obradoiros de Emprego, máis non pensan como aproveitar o impacto ou as oportunidades que abre a Vía Verde entre Santiago e Cerceda. A parcela do karting



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

no parque empresarial segue sen aproveitar tamén e camiño de converterse nun auténtico vertedoiro como anunciaron fai uns meses. Un lote de oportunidades que non son capaces de imaxinar, ou pensar como sacarlle rédito ou proveito. Botan en falta un plan para ir adaptando o Concello aos tempos que veñen, como por exemplo a instalación de puntos de carga para vehículos eléctricos no parque empresarial de Merelle, ou mesmo para bicicletas eléctricas ao pe do Camiño Inglés ou da Vía Verde. Finalmente como apuntaba no comezo da intervención, é certo que estes orzamentos son os máis sociais da historia Ordense, peros deses máis de 400.000 euros, cabe recordar que no pleno de xaneiro acordouse acollerse ao POS+ 2021 da Deputación da Coruña onde entre outros fondos recibimos 232.000 euros que se debían adicar exclusivamente a gasto social, tal e como se establece nas súas bases. Cunha comparativa cun ano normal prepandemia, ano 2019 nos que os orzamentos do concello de Ordes recollían un investimento para gasto social de 172.000 euros, facendo as contas no 2021 restando eses 232.000 euros que aportou a Deputación provincial para gasto, polo que o investimento con fondos propios do concello ascende a 168.000 euros. Alédanse de que se invistan eses fondos, pero hai que dicilo todo, de donde proceden o 58% deses 432.000 euros que se destinan a gasto social, que esencialmente van a axuda no fogar. No tocante á débeda falan continuamente de débeda bancaria pero é que o concello de Ordes tamén ten débeda pública, no so bancaria, con outras administracións públicas, concretamente coa Deputación provincial ao acollerse cada ana a un programa de amortización de préstamos bancarios, que e vantaxoso porque nos permite aforrar xuros, pero seguemos a manter a débeda que a final do ano será de 2.626.000 euros, dos que 526.000 euros é débeda bancaria, pero 2.100.000 euros llos adebedamos á Deputación da Coruña. Feitas estas matizacións, por todo o exposto con anterioridade, cun goberno cun salario de primeira división, pero cunha xestión que non se corresponde en absoluto cos mesmos, que lle sube os salarios á veciñanza, que non é capaz de manter as cunetas limpas, que carece de ideas ou iniciativas para ofertar servizos que demanda a veciñanza aproveitando os espazos dos que dispón e que nos oculta a que pretende destinar o excedente do gasto de persoal unha vez feitas as modificacións de crédito correspondentes é polo que non imos aprobar estes orzamentos que nos traen e van a votar en contra dos mesmos.

Intervén a Sra. Alcadesa en funcións, que sinala que o discurso é repetitivo e tenllo que dicir así. logo de escoitar as diversas intervencións dos grupos nas súas quendas de palabra, vou a facer unha análise mais polo miúdo da necesidade de aprobar hoxe estes orzamentos para o ano 2021. A utilización dos créditos de persoal vai a depender exclusivamente da xestión do goberno. Un goberno que se preocupa exclusivamente das necesidades de todos os veciños deste concello. Atendendo ao que é o documento, o proxecto que se presentou conforme indican as memorias de alcaldía e a memoria de intervención, así como o resto dos documentos que o conforman; ten un marcado carácter inversor en aras de mellorar a calidade de vida e os servizos dos veciños da vila e das parroquias. Recóllense polo tanto créditos para atender os contratos de servizos vixentes, obrigas con outras administracións como pode ser Mancomunidade e crédito para todas e cada unha das subvencións nominativas comprometidas. Faise unha forte aposta pola inversión real, os investimentos previstos, a espera de incorporación de convenios, axudas ou aportacións pendentes, acadan inicialmente o importe de 1.641.000 euros. Aparte inclúense as actuacións derivadas de fondos obtidos de outras axudas ou subvencións



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

que xa se enumeraron na primeira intervención. E todo isto sen descoidar poder atender o mantemento e limpeza de todos os qms. de vías públicas municipais que son moitos. Somos coñecedores de case todas as necesidades do concello e dos nosos veciños, que son moitas pero os recursos son os que son, polo que vémonos obrigados a ir priorizando seguindo a nosa folia de ruta, os investimentos que vaian xurdindo e as necesidades que se non van trasladando. Continuamos na nosa liña de traballo auditando todas e cada unha das contas dos balances municipais co obxectivo de buscar maior eficiencia, contendo o gasto nas actuacións que se contraten externamente e seguimos saneando as contas publicas. Tal e como indicaba seguimos a nosa liña de traballo, e poderalles gustar mais ou menos pero nós xestionamos traballando.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de oito votos a favor (grupo político PP), 2 votos en contra (grupo político BNG) e coas abstencións (3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio de 2021, que ascende en GASTOS como en INGRESOS á cantidade de **EUROS DEZ MILLÓNS CENTO CORENTA E TRES MIL CINCOCENTOS OITENTA E DOUS CON CERO SEIS (10.143.582,06 euros)**, asignando a cada un dos capítulos os seguintes importes:

| Capítulo | Denominación | Importe |
|----------|-------------------------------------|----------------------|
| 1 | Gastos de persoal | 3.586.350,40 |
| 2 | Gastos correntes en bens e servizos | 3.643.489,38 |
| 3 | Gastos financeiros | 2.803,15 |
| 4 | Transferencias correntes | 1.099.273,83 |
| | Total correntes | 8.331.916,76 |
| 6 | Investimentos reais | 1.641.261,82 |
| 7 | Transferencias de capital | 0,00 |
| | Total gastos capital | 0,00 |
| | Total gastos non financeiros | 1.641.261,82 |
| 8 | Activos financeiros | 0,00 |
| 9 | Pasivos financeiros | 170.403,48 |
| | Total gastos financeiros | 170.403,48 |
| | Total orzamentos | 10.143.582,06 |

| Capítulo | Denominación | Importe |
|----------|---------------------------------|--------------|
| 1 | Impostos directos | 3.343.331,27 |
| 2 | Impostos indirectos | 70.000,00 |
| 3 | Taxas, prezos públicos e outros | 1.308.042,00 |



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

| | | |
|---|---------------------------------------|----------------------|
| | ingresos | |
| 4 | Transferencias correntes | 4.324.176,87 |
| 5 | Ingresos patrimoniais | 110.000,00 |
| | Total ingresos correntes | 9.155.550,14 |
| 6 | Alleamento de investimentos reais | 0,00 |
| 7 | Transferencias de capital | 896.840,08 |
| | Total ingresos de capital | 0,00 |
| | Total ingresos non financeiros | 896.840,08 |
| 8 | Activos financeiros | 0,00 |
| 9 | Pasivos financeiros | 91.191,84 |
| | Total ingresos financeiros | 91.191,84 |
| | Total orzamentos | 10.143.582,06 |

2º.- Aprobar, igualmente, as Bases de Execución de dito Presuposto.

3º.- Aprobar, así mesmo, de acordo co disposto no art. 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, o cadro de persoal, comprensiva de tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

4º.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

5º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os arts. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederáse de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

6º.- Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, remítase copia do referido Presuposto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

4. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 27 de maio de 2021, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

5. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas a Sra. Alcaldesa en funcións pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“O pasado 9 de Marzo do 2021 o Consello de Ministros, a proposta do MITECO, aprobou o Real Decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola “Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia” (CNMC) na circular 3/2020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora.

Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pola pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Dende o BNG consideramos que esta norma xera un impacto negativo nos consumidores e consumidoras, danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración desta norma, sobre todo tendo en conta que afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves consecuencias derivadas do forte impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19.

Este é o caso do consumo doméstico e nomeadamente daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. Na Galicia hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que verán como a súa factura experimenta un aumento que pode chegar a superar o 30%.

Así mesmo, debe destacarse o impacto que ten en determinadas actividades económicas cunha forte implantación na Galiza como son as pequenas explotacións gandeiras, xa que os horarios do período punta da tarifa coinciden con tarefas de alto consumo enerxético. Se observamos o perfil típico dunha explotación gandeira, veremos que o 40% do consumo concéntrase entre as 8h e as 13h pola mañá e as 18 e 23h pola tarde, xusto o período punta, polo que o incremento medio na factura será de máis do 40%. No país existen máis de dez mil explotacións afectadas por este cambio e sen alternativa posíbel.

De igual forma, outros consumidores cun perfil de consumo semellante ao descrito, como é o da hostalería, xa duramente golpeado pola pandemia, e o resto de PEMES, sufrirán igualmente as consecuencias, pois as súa actividades desenvólvense necesariamente durante as horas de maior custo da enerxía. Todo isto nunha Galiza que exporta electricidade.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

Para rematar, queremos facer fincapé en que non resulta lóxico acometer un cambio normativo deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura cuxo peso é relevante e cuxa necesaria revisión demándase tamén dende amplos sectores da sociedade, como son o importe do imposto especial da electricidade e o tipo de IVE que debe aplicarse, sendo a electricidade un ben de primeira necesidade e non un luxo.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1- Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Ordes da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

2- Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

a) Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.

b) Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.

c) Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta non resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (8 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate, prodúcense as intervencións seguintes:

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que evidentemente este é un temo dura do que vimos falando durante moitos meses. É un tema que se esta a tratar na Mesa do Congreso, xa se anunciou que se vai a baixar o IVE ao 10%. Gustaríalle destacar o punto que se tratou no pleno do mes pasado sobre a modificación da normativa dos eólicos, pero que podemos estender ás enerxías renovables. Quizás sexa o momento da súa modificación para conseguir unhas enerxías máis baratas, máis limpas e máis competitivas. Certo é que para levar a cabo certas medidas hai que modificar a lei.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que ven ben esta moción. A electricidade é un ben básico para moitas familias e moitos negocios. A van a apoiar.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que todos os veciños de Ordes como todos os españois teñen neste momento un problema bastante grave por que as improvisacións que se fixeron, a maneira de planificar a transición enerxética do goberno non foi a máis acertada para buscar solucións a ese problema. Levan anos anunciando medidas para rebaixar o prezo da luz pero están conseguindo o efecto contrario, cada vez a factura eléctrica sube máis. FACUA dicía que esta semana ían a incrementarnos un 45% o prezo da luz. Dende o goberno municipal propónse unha emenda de engádego en liña co texto aprobado no Parlamento de Galicia o 9 de xuño de 2021, cos votos a favor dos grupos PP e BNG, que é a seguinte: Trasladar ao goberno de España que adopte as medidas necesarias dirixidas a reducir o impacto negativo da nova tarifa eléctrica na economía das familias e na competitividade das empresas a través do impulso como mínimo das seguintes medidas: 1. Impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios, así como da supresión do gravame do Imposto sobre a produción da electricidade. 2. Traspasar aos orzamentos xerais do estado algún dos custes regulados da tarifa eléctrica, a débeda do sistema eléctrico e os custes extrapeninsulares. 3. Revisar a tributación que soporta a factura eléctrica impulsando unha reforma fiscal que armonice a fiscalidade que esta factura soporta en España cos gravames medios dos países do noso entorno. 4. Co obxectivo de impulsar a eficiencia enerxética e o autoconsumo, conceder máis peso específico ao termo da enerxía que ao da potencia. 5. Simplificar a factura eléctrica para facilitar a súa comprensión e por en marcha de inmediato unha campaña de información ás persoas consumidoras que explique de forma sinxela e comprensible a nova tarifa eléctrica, facilite a toma de decisións e permita un consumo máis eficiente para evitar o encarecemento da subministración eléctrica. 6. Ampliar o dereito de poder acollerse ao prezo voluntario do pequeno consumidor ata potencias iguais ou inferiores a 15 Kw para o consumidor doméstico co fin de facilitar ao bono social eléctrico.

Pola Sra. Alcadesa en funcións ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que a emenda que nos trasladan dende o grupo popular complementa esta moción e non vemos problema ningún en aceptala. Como sinalou o PSOE é un tema que esta sobre a mesa, pero anunciouse unha baixada do ive ata o 10% ata final de ano. O que buscan aquí é que se lle aplique un ive de primeira necesidade do 4%, por que como dicimos na moción a electricidade é un ben de primeira necesidade, non un luxo. Os galegos temos máis problemas que o resto dos españois, por que aparte de padecer a suba da factura da luz estamos a padecer os custes da produción sen ningún beneficio. Esa produción de enerxía está a producir afeccións medioambientais, paisaxísticas, temos os ría cheos de encoros, as serras cheas de muíños, e agora ven o boom eólico para intentar implementar novos eólicos e todo isto sen que repercuta na tarifa da luz. Noutros países do norte de Europa Suecia, Dinamarca, Noruega, Finlandia, Suíza e Reino Unido teñen facturas onde se bonifican as zona produtoras



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

de enerxía, é lóxico e razoable. Se padecen os custes de produción deben ter unha compensación. Galicia o 35% da enerxía que produce é excedentaria, a exporta ao resto do Estado, Madrid non ten produción de enerxía. É o que estamos a reivindicar.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que é certo que é un problema que vimos arrastrando, pero de moitos gobernos atrás, non de este. Habería que recordar quen foi quen privatizou as eléctricas.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo en que varios gobernos son culpables disto. Ven ben a moción, van a votar a favor.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que non vai a entrar no debate da suba da factura da luz. Levamos tres anos por este goberno tratando de baixala e subiuse. Non falou dos galegos, falou dos ordenses. Os eólicos xa foron debatidos no pleno pasado. Como sufrimos os problemas de produción seguimos na idea de crear unha enerxía limpa e sostible. Vostedes votan moitas veces nos debates parlamentarios unha transición coordinada. Están de acordo coa moción.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (8 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1- Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Ordes da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

2- Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

a) Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.

b) Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.

c) Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía”.

4- Solicitar ao goberno de España que adopte as medidas necesarias dirixidas a reducir o impacto negativo da nova tarifa eléctrica na economía das familias e na



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

competitividade das empresas a través do impulso como mínimo das seguintes medidas:

1. Impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios, así como da supresión do gravame do Imposto sobre a produción da electricidade.
2. Traspasar aos orzamentos xerais do estado algún dos custes regulados da tarifa eléctrica, a débeda do sistema eléctrico e os custes extrapeninsulares.
3. Revisar a tributación que soporta a factura eléctrica impulsando unha reforma fiscal que armonice a fiscalidade que esta factura soporta en España cos gravames medios dos países do noso entorno.
4. Co obxectivo de impulsar a eficiencia enerxética e o autoconsumo, conceder máis peso específico ao termo da enerxía que ao da potencia.
5. Simplificar a factura eléctrica para facilitar a súa comprensión e por en marcha de inmediato unha campaña de información ás persoas consumidoras que explique de forma sinxela e comprensible a nova tarifa eléctrica, facilite a toma de decisións e permita un consumo máis eficiente para evitar o encarecemento da subministración eléctrica.
6. Ampliar o dereito de poder acollerse ao prezo voluntario do pequeno consumidor ata potencias iguais ou inferiores a 15 Kw para o consumidor doméstico co fin de facilitar ao bono social eléctrico.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, a Sra. Alcadesa en funcións abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula o rogo seguinte.

- Debido a protestas dos pais e nais dos nenos e nenas que cruzan a estrada para o parque municipal, xunta fotografía, non ven os vehículos ou motocicletas ata que están encima do paso de peóns.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que indique se existe algunha medida prevista para aumentar a seguridade no referido paso de peóns

Intervén a Sra. García Gomez, voceira do goberno municipal, que sinala que esa vía é da Deputación. Xa se tratou neste pleno a humanización desa rúa, está a espera da súa execución. Incidirán na seguridade nese punto e noutros que se poidan ver afectados.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula o rogo seguinte.

- Debido a protestas dos pais e nais dos nenos e nenas asistentes ó CEIP do Mesón do Vento, polo perigo que supón ir levar e recoller aos nenos e ás nenas á porta do colexio por non estar debidamente sinalizada a zona escolar, carecer de medidas de diminución da velocidade e non dispoñer de paso de peóns na entrada do colexio.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Se proceda á debida sinalización da zona escolar. Se coloque un paso de peóns na entrada principal do colexio.

Se habilite a zona con medidas disuasorias da velocidade como bandas, badéns ou calquera outra medida que implique a diminución da velocidade en dita zona escolar.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que xa se mirou varias veces ese tema, incluso se tratou en varios Consellos Escolares. Estase a traballar na súa solución, o ideal sería analizar a entrada polo paso lateral que se acondicionou, é unha zona máis ancha, ten sitio para aparcar e a cantidade de nenos deste colexio non é extraordinaria. A sinalización como zona escolar é dende a N-550. A colocación dun paso de peóns na entrada do colexio é moi estreita, non cumpre coa visibilidade que debe ter este. A habilitación na zona de medidas disuasorias, a velocidade está limitada a 30, prevese mellorar a sinalización horizontal e de acordo cos informes da policía local. Cando a policía local está na saída do colexio os coches cumpren coa limitación de velocidade.

Intervén a Sr. Regueiro García, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Por desgraza, en Ordes son habituais os cortes do subministro eléctrico, que causan un gran prexuízo tanto ó sector comercial, industrial, ... etc., como á cidadanía en xeral do concello de Ordes.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

A falta de mantemento por parte da distribuidora UFD, faise patente en instalacións como a do centro de transformación situado na aldea da Poza, parroquia de Mercurín. As hedras suben polo poste arriba, ata situarse moi preto da parte de alta tensión, o que supón un perigo evidente non só para a propia instalación, se non tamén para as persoas.

Xa non só se trata dunha baixa calidade na continuidade do subministro, se non da seguridade da veciñanza de Ordes.

Unha situación que resulta inadmisíbel para o BNG, polo que esiximos unha solución inmediata e cumprimento por parte de UFD das súas obrigas como empresa distribuidora.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Se esixa a UFD un mantemento axeitado do centro de transformación situado na aldea da Poza (Mercurín) e en xeral das súas instalacións

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que xa se deu parte desta situación ao vixilante de zona, que xa a coñecía, estase a tratar de solucionar. A situación non afecta á calidade do servizo.

- No pasado mes de novembro do ano 2020, o BNG presentaba unha moción na que se denunciaban múltiples erros existentes na web de turismo.gal así como na app "Turismo de Galicia" e que recollía a seguinte proposta de acordo:

"Se traslade a Axencia Turismo de Galicia as eivas e erros comentados na exposición de motivos así como outras que se detecten tanto na web turismo.gal como na app "Turismo Galicia" no relativo ao Concello de Ordes e se realice a correspondente actualización de contidos".

A moción ficou aprobada por unanimidade de toda a corporación de Ordes.

Aínda que algunha mellora e corrección si que se fixo no portal turístico no último medio ano, para BNG segue a presentar enorme eivas, só por citar algunhas:

Non aparece ningún dos roteiros de senderismo existentes en Ordes. E o que aparece, discorre polo concello de Mesía (PR-G 117 ROTA DA FRAGA AOS MUIÑOS) non por Ordes.

Non aparecen referencias ao museo de arte urbana composto polas Desordes Creativas.

Faltan alomenos uns 20 establecementos de hostalería... e algúns seguen a saír por duplicado.

Á vista está que a información referente a Ordes en turismo.gal é manifestamente mellorable.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Se requira de novo a Turismo de Galicia a actualización tanto da web turismo.gal como da app Turismo de Galicia no referente ao concello de Ordes.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que se está a traballar dende a concellería delegada de turismo xunto con Turismo de Galicia, estase a remitir a documentación, non se rematou o traballo. O único problema é que dende Turismo de Galicia apuntan que son os propios hostaleiros os que teñen que pedir a incorporación. Os que estaban pechados, duplicados comunicouse.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- En Ordes non se están a impartir as clases parto, segundo nos informan debido a unha falta de espazo.

Trátase dunha necesidade básica de grande importancia, reducindo o medo ou a ansiedade que pode xerar o parto, contribuíndo a acadar unhas taxas mais baixas de cesárea, mellores resultados na lactación e reducindo o risco de padecer depresión postparto.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Instar á Consellería de Sanidade a habilitar un espazo axeitado no Centro de Saúde de Ordes para impartir os cursos parto.

De xeito transitorio, namentres non se habilite dito espazo, ceder desde o concello algún espazo axeitado para impartir as clases parto (ximnasio pavillón campomaior, planta alta da praza de abastos, ...etc.).

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que non é unha cuestión de que non haxa espazo no Centro Médico, de feito teñen unha sala de parto bastante grande. É unha cuestión preventiva agora durante a pandemia. Tan pronto se levanten as restricións volverán a impartirse. Había recomendacións da matrona, valoraron a súa impartición online. Van a reiniciarse.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o que nos trasladan é que non se facían en Ordes por que non hai espazos, nos din tamén que as esta a organizar a matrona noutros lados e que os de Ordes non teñen dereito a acudir. Que é o que está a pasar.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que o invita ao Centro Médico a ver a sala que hai. Outra cousa son as decisións do Centro Médico, cantas persoas poderían acudir ás clases. Por prevención polo de agora suspendéronse, non significa que ao mellor dentro de un mes se reinicien. É algo temporal.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

- Nas últimas horas tivemos coñecemento de que Abanca Corporación Bancaria S.A., anunciou o peche da oficina situada no Mesón do Vento para o vindeiro 21 de xullo, centralizando tódolos servizos á veciñanza do concello na oficina situada na rúa Alfonso Senra en Ordes.

Esta decisión supón un grave prexuízo para a veciñanza en xeral, posto que no casco urbano do Mesón do Vento suprímese un servizo esencial para a veciñanza, e por outra banda, satúrase aínda mais a oficina existente no casco urbano de Ordes, que ve como paulatinamente vai contando con mesmo oficinas presenciais e mais colas de persoas ao longo das rúas perdendo tempo mentres agardan a ser atendidas.

Como representantes dos intereses da veciñanza de Ordes, os membros da corporación municipal e do goberno, non podemos permanecer alleos a este novo recorte de servizos.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde a que de maneira urxente:

A promover un manifesto entre tódolos grupos políticos con representación na corporación municipal, en contra do peche da oficina que Abanca Corporación Bancaria, S.A. dispón no Mesón do Vento.

A solicitar e promover unha reunión con responsables de Abanca Corporación Bancaria, S.A. para tratar de revocar a citada decisión.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que o pasado día 3 celebrouse una videoconferencia na que por parte do concello tratouse de defender o interese polo mantemento da oficina. Se hai acordo de todos os grupos políticos poderase asinar un manifesto contra este peche.

- O pasado 29/05/2021, esta formación política rexistrou unha solicitude de autorización para pendurar unha faixa na alameda de Ordes, co gallo de desenvolver unha campaña informativa sobre os eólicos, cuestión que afecta directamente ao noso concello.

Solicitábase autorización para pendurala do 05/06/2021 ata o 05/07/2021, e a día de hoxe aínda non obtivemos resposta, a pesares de tratarse dun asunto de escasa complexidade e que non require de complicados informes técnicos ou xurídicos.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A contestar á solicitude que formulamos desde o BNG de Ordes a través do seu voceiro, e no caso de conceder a autorización solicitada, estender a data de retirada para permitir a colocación da faixa durante un mes natural.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que se lle notificará o luns a autorización da Xunta de Goberno Local. Noutras ocasións pode chamar por teléfono para preguntar para que se lle solucione.

- Veciñanza da rúa Maside púxose en contacto con este grupo municipal demandando a procura dunha solución ao estado no que se atopa a pavimentación do viario que da acceso ás súas vivendas.

Aínda que ben é certo que nas NN. SS. de planeamento do concello de Ordes, esta rúa non ven definida cunhas aliñacións, si que figura a delimitación do camiño existente.

Recentemente o concello ven de efectuar a pavimentación da rúa da Fonte, a cal está situada dentro da Unidade de Actuación 1 (UA 1) definida nas NN. SS. de planeamento do concello de Ordes, polo que entendemos que aplicando a mesma lóxica, sería posible efectuar as tarefas precisas para unha axeitada conservación do pavimento do viario existente na rúa Maside.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A acometer a pavimentación do viario existente na coñecida como rúa Maside, tan pronto sexa posible.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que na rúa da Fonte actuouse para a mellora dun camiño público histórico, compatible con formar parte dunha unidade de actuación. O suposto vial ao que fai referencia no seu rogo en rúa Maside, segundo consta no planeamento municipal, aparece reflectido con liñas discontinuas, é unha servidume de paso, de titularidade e dominio privado. Os veciños titulares dos terreos que se poñan en contacto co concello, garantir o carácter público dos terreos para que nun futuro se poida aperturar esta rúa tal e como consta no PXOM.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o PXOM non é un documento aínda válido mentres non se adopten as accións precisas para a súa aprobación definitiva. O vial en rúa da Fonte está dentro dunha unidade de actuación e salvo que exista un acordo dos veciños para que se urbanice non debería terse pavimentado. Outra cousa é que haxa unha lóxica que sexa un camiño que utiliza todo o mundo e que poidamos entender que é necesario pavimentar. A rúa Maside é un camiño, non sabemos se de titularidade público ou privada. O lóxico sería sentarse cos veciños e intentar a cesión dos terreos para que sexa público e cando entre en vigor o PXOM e todos os propietarios dese solo urbano non consolidado se poñan de acordo urbanizar todo aquilo, poñer beirarrúas e servizos. Do que están a falar aquí é simplemente pavimentar unha vía que da acceso a unhas vivendas.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que o que lle acaba de contar é o que lle contou ela anteriormente. Non se pode nestes momentos facer ningunha actuación aí por que é unha servidume de paso. Non é un camiño público. As persoas que



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

falaron no concello xa se lles explicou isto. Volvemos a xuntarnos, nunca dixemos non a unha xuntanza cos veciños.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Vidal, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes.

- Hai uns meses, procedeuse á pavimentación dun tramo do Camiño Inglés entre Buscás e Pouló, concretamente o existente xusto antes da mouteira correspondente ao quilómetro 31,914.

O material empregado semella unha mestura de cemento, saburra (mais coñecido como “zahorra”) e gravas.

Por iso preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿Quen levou a cabo esta actuación?.

¿Dispón das correspondentes autorizacións e informes do organismo competente en materia de patrimonio?.

¿Opina que acada un axeitado nivel de integración

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que non se ten constancia desta actuación, supón que son actuacións de conservación. Faranse averiguacións

- A ordenanza nº 24, reguladora sobre prantacións e repoboacións forestais, establece no seu artigo 8º que:

“Co fin de garantir a conservación da rede viaria municipal e evitar risco de accidentes, será necesario solicitar autorización para as operacións de carga e descarga, o seu transporte e depósito de madeira procedente da tala que se realice nas prantacións existentes neste Municipio. Na solicitude especificara e a situación da finca onde se vai a sacar a madeira cortada, lugar de almacenamento, os camiños ou vías públicas por onde se realizará o transporte, as características dos vehículos a utilizar, así como os días previstos para o mencionado transporte, adxuntando fotocopia do permiso de tala da administración forestal cando este sexa necesario. A autorización municipal para o transporte e almacenamento será obrigatoria e gratuíta, no obstante, o madeirista deberá ingresar na Tesourería municipal unha fianza, cuxa contía determinará o técnico municipal, para responder polos posibles danos e prexuízos na rede viaria, que non será devolta ata que se comprobe que no se causaron danos ou prexuízos ás vías públicas municipais, ...etc.”.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

Por iso preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿Cantas autorizacións, coas súas respectivas fianzas, para operacións de carga e descarga, transporte e depósito de madeira procedente de tala, foron tramitadas no que levamos de ano?.

¿Cantas foron tramitadas no que levamos do presente mandato?.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que hai poucas, algunhas están pendentes de resolver.

- A capela da Bouciña mais a casa reitoral da Bouciña foron obxecto de actuacións, entre as cales se atopa o revestimento exterior das mesmas, actuacións na cuberta, colocación de claraboias, demolición de chemineas, ...etc.

Estas actuacións foron efectuadas sobre bens incluídos no Inventario da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galiza e xa foron denunciadas publicamente pola Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural Galego.

Por iso preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿Qué accións emprendeu o concello de Ordes para salvagardar o respecto e a protección destes bens?.

No caso de non ter efectuado ningunha ¿Vai emprender algunha?.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que a capela da Bouciña, conta con autorización da Xunta de Goberno Local de data 09.11.2020. a reitoral non é propiedade da Igrexa Católica, pedirase informe da policía local.

- ¿Cando se vai convocar o Consello da Emisora Municipal?

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que se convocará cando se instale a nova mesa de mesturas. Hai un retraso na empresa no seu envío. Supón que estará solucionado en breve.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, a Sra. Alcaldesa en funcións levanta a sesión, sendo ás **vinte** horas e **dezasete** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

A ALCALDESA EN FUNCIÓNS

O SECRETARIO



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

Ana María Soneira Liñares

Juan Luis González Iglesias

(asinado dixitalmente)